

Emprego

Igualdade

Galiza

Dereitos  
Sociais

Liberdade

Servizos  
Públicos

Lingua

Futuro

Voz  
Propia

Diversidade

Soberanía

Cultura

Democracia

Agora

**Galiza**

PROGRAMA ELECTORAL  
Xerais 2019



## 15 COMPROMISOS DO BNG COS GALEGOS E COAS GALEGAS PARA DEFENDER NO CONGRESO.

1.

**Defensa de Galiza como nación e do recoñecemento da realidade plurinacional do Estado.** Os galegos e galegas temos dereito a decidir plenamente sobre todo o que nos afecta.

2.

**Transferencias competenciais para Galiza.** Darlle a volta á recentralización do PP, tan negativa para o noso país. Queremos xestionar desde Galiza o tráfico, os portos de interese xeral, as liñas de cercanías, as bolsas de estudo...

3.

**Defensa dun novo sistema de financiamento para Galiza:** concerto económico Galiza- Estado. Queremos ser nós quen decida en que investimos o diñeiro que sae dos nosos impostos.

4.

**Transferencia da AP-9 e fin á estafa das peaxes.** No inmediato, queremos unha redución do 30% do custe das peaxes. Se foi posible para as radiais madrileñas, o BNG fará que sexa posible para Galiza.

5.

**Tarifa eléctrica galega, para abaratar a factura da luz a empresas e familias.** Se é posible a europeaxe, que lle permite aforrar 60 M€ ás empresas vascas, o BNG fará que sexa posible para Galiza.

6.

**Un modelo de financiamento xusto para os concellos galegos, que remate coa discriminación actual.** Nos últimos dez anos percibimos 8.000 millóns menos dos que nos correspondían.

7. **Saneamento e rexeneración das rías galegas e ENCE fóra da ría de Pontevedra.**
8. **188 millóns de euros para dependencia que o Estado debe a Galiza.**
9. **Porto exterior da Coruña libre de débedas.** O Estado debe asumir o custe desta infraestrutura e os terreos do porto interior deben pasar a ser propiedade da cidade. Os portos doutros territorios recibiron 5.000 millóns de euros do Estado, con PP e PSOE. O BNG comprométese a conseguir o mesmo para Coruña.
10. **Plan plurianual de investimentos de 2.000 millóns de euros para compensar os recortazos de PP e PSOE nas contas do Estado.** O BNG non vai dar nunca o seu apoio a uns orzamentos que discriminen a Galiza.
11. **Tren e sistema ferroviario.** Redución do prezo do billete de tren no eixo Ourense-Santiago-A Coruña. Plan de modernización do tren no interior do país. Modernización do tren entre Lugo e Santiago, e electrificación das liñas entre Ferrol-A Coruña e Guillarei-Valença.
12. **Devolución do Pazo de Meirás e da Casa de Cornide.** O BNG defenderá no Congreso que o patrimonio roubado no franquismo sexa devolto ao pobo galego. A lei de memoria histórica non se pode reducir a sacar ao ditador do Val dos Caídos.
13. **Creación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.**
14. **Difusión da cultura galega, dentro e fóra do Estado,** por parte das

estruturas culturais e dos medios públicos estatais (RTVE, Instituto Cervantes...).

**15.**

**Defensa dos dereitos e liberdades.** Derrogación da contrarreforma laborais, da LOMCE e da Lei Mordaza e para impulso para frear a involución democrática e avanzar en dereitos.

